

Resolución do 10 de setembro de 2010 pola que se anuncia procedemento aberto multi-criterio, tramitación ordinaria, para a selección de oferta para a tramitación da concesión administrativa de ocupación do dominio público portuario do porto de Ares para instalacións de subministración de combustible. (Expediente 12-08-10-C-1).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: ente público Portos de Galicia.

b) Dependencia que impulsa o expediente: Dirección.

c) Dependencia que tramita o expediente: División de Contratación.

2. Obxecto do procedemento.

a) Descrición do obxecto: o obxecto do procedemento é a selección de oferta para a tramitación da concesión administrativa para instalación de subministración de combustible.

b) Lugar da concesión: porto de Ares. Concello de Ares.

c) Prazo da concesión: vinte e cinco (25) anos con posibilidade de prórroga ata acadar os trinta (30) anos ou o prazo máximo establecido na lexislación vixente no momento da prórroga.

d) Clave do expediente: 12-08-10-C-1.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: oferta máis vantaxosa tendo en conta os criterios que figuran no número 10.1.4 do prego de bases.

4. Taxas concesionais: as especificadas no prego de bases.

5. Garantía provisional: a especificada no prego de bases.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: ente público Portos de Galicia.

b) Enderezo: praza de Europa, 5A, 6º, polígono das Fontiñas (Área Central).

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela. 15707.

d) Teléfono: 981 95 75 51.

e) Fax: 981 54 53 24.

f) Data límite de obtención de documentos e información: coincide coa data límite de presentación de ofertas.

g) Perfil do contratante: os pregos administrativos desta convocatoria poderanse obter nos seguintes enderezos da internet.

<http://www.contratosdeg Galicia.es/resultado.jsp?N=15081>

7. Requisitos específicos do solicitante: os especificados no prego de bases.

8. Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación de proposicións rematará ás catorce (14.00) horas do trixésimo (30º) día hábil seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que o último día do prazo coincida en sábado ou festivo, o prazo de admisión das proposicións rematará ás catorce horas do día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: a especificada no prego de bases.

c) Lugar de presentación: as proposicións presentaranse en tres (3) sobres pechados no rexistro xeral do ente público Portos de Galicia, sito na praza de Europa, 5A, 6º. Polígono das Fontiñas (Área Central), de Santiago de Compostela, 15707, segundo se especifica no punto 9.5 do prego de bases, ou enviaranse por correo dentro do prazo de admisión indicado, debendo inescusablemente o licitador xustificar a data de imposición do envío anunciándoo a Portos de Galicia, mediante burofax, fax ou telegrama, no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e á hora de finalización do prazo sinalado neste anuncio.

d) Prazo durante o que o licitador está obrigado a manter a súa oferta: dous (2) meses desde a apertura das proposicións económicas.

9. Apertura das ofertas técnicas.

a) Entidade: ente público Portos de Galicia.

b) Enderezo: praza de Europa, 10A, 4º. Polígono das Fontiñas (Área Central).

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15707.

d) Data: o décimo sétimo (17º) día natural contado desde a apertura da documentación administrativa. No caso de que o mencionado día coincida en sábado ou festivo, a apertura realizarase o primeiro día hábil seguinte.

e) Hora: 12.30 horas.

10. Outras informacións: a mesa de contratación, en cumprimento do disposto na cláusula 10.1.1 do prego de bases, comprobará en acto previo a documentación do sobre A e publicará no perfil do con-

tratante e no taboleiro de anuncios dos servizos centrais de Portos de Galicia o resultado da apertura, para que se emenden, se for o caso, e dentro do prazo que se indique, os defectos materiais observados na dita documentación.

11. Gastos dos anuncios: os gastos que se deriven da publicación deste anuncio serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2010.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Cédula do 27 de xullo de 2010, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se lles notifican ás persoas interesadas que se indican os acordos de inicio do procedemento de desafiuzamento por ocupación sen título legal DT-009/10 e dous máis.

De conformidade cos artigos 58, 59 e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de que se intentase en dúas ocasións a notificación persoal no último domicilio coñecido, notifícaselles ás persoas interesadas os acordos de inicio do procedemento de desafiuzamento por ocupación sen título legal que se detallan no anexo.

Pontevedra, 27 de xullo de 2010.

P.A. (Decreto 317/2009, do 4 de xuño;
Orde do 24 de setembro de 2009)
Andrés Iglesias López
Xefe da Área Provincial de Pontevedra

ANEXO

-Expediente: DT-009/10.

Nome: María Celia Riveiro García.

Gerardo Sánchez Villalustre.

Enderezo: rúa Luxemburgo, nº 10-1º C, Monteporreiro, Pontevedra.

Asunto: notificación acordo inicio do procedemento de desafiuzamento por ocupación sen título legal

Recursos: de conformidade co disposto no artigo 16.1º do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, os interesados dispoñen dun prazo de quince días, que se contará a partir do seguinte ao da publicación deste acordo, para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións coiden convenientes e, se é o caso, propoñer proba, concretando os medios de que pretendan valerse. Poderá tamén recoñecer expresamente a súa responsabilidade mediante a entrega das chaves da vivenda.

Advírteselles aos interesados que, de non efectuar alegacións no prazo indicado, este acordo de iniciación poderá ser considerado proposta de resolución.

-Expediente: DT-007/10.

Nome: María Elena Gómez Lorenzo.

Enderezo: rúa Celso Emilio Ferreiro, nº 11-4º A, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra.

Asunto: notificación acordo inicio do procedemento de desafiuzamento por ocupación sen título legal.

Recursos: de conformidade co disposto no artigo 16.1º do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, os interesados dispoñen dun prazo de quince días, que se contará a partir do seguinte ao da publicación deste acordo, para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións coiden convenientes e, se é o caso, propoñer proba, concretando os medios de que pretendan valerse. Poderá tamén recoñecer expresamente a súa responsabilidade mediante a entrega das chaves da vivenda.

Advírteselle aos interesados que, de non efectuar alegacións no prazo indicado, este acordo de iniciación poderá ser considerado proposta de resolución.

-Expediente: DT-002/10.

Nome: Juan José Martínez Bello.

Emilia María Bugarín Faro.

Enderezo: avenida de Castelao, nº 23, portal 1-5º C, Pontearreas, Pontevedra.

Asunto: notificación do acordo inicio do procedemento de desafiuzamento por ocupación sen título legal.

Recursos: de conformidade co disposto no artigo 16.1º do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, os interesados dispoñen dun prazo de quince días, que se contará a partir do seguinte ao da publicación deste acordo, para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións coiden convenientes e, se é o caso, propoñer proba, concretando os medios de que pre-